



I

*O príncipe e o dragón***TEXTO**

Unha noite, o príncipe Cerúleo entrou nunha vila bastante grande e dirixiuse á pousada. Estábo agardando alí un home vestido de gala que resultou ser o alcalde daquel lugar.

O alcalde explicoulle que na cova da montaña vivía un temible dragón que comía o gando dos vilegos. Certo era que lles mataba poucas *reses*, e das máis vellas, pero había que ter en conta que xa lle levaban ofrecido tamén sete donceas, como mandaba a tradición. O peor de todo era que o dragón non comera, nin sequera tocara, estas mozas, o que constituía un desprezo por parte do monstro e fora motivo da burla dos envexosos habitantes das aldeas veciñas.

– Señor, agora chegastes vós, un príncipe de sangue real. Non vos podeades negar a matalo.

– A tradición *xaora*. Sexa pois, levádeme á cova do dragón e verei o que podo facer.

Despois de falar así, o príncipe dirixiuse á cova do dragón. Ao fondo víase un resplandor e escoitou unha voz que lle dicía:

– Bona nit. Què vols?

O que así falara era un ser espantoso. O seu corpo era grande coma un cabalo percherón, estaba cuberto de escamas e tiña un rabo que remataba nunha punta coma de frecha. Polos focíños saíalle un lume abrancazado e un único *cairo* asomaba pola súa boca, longo e brillante coma unha fociña ben afiada. O corazón do príncipe latexaba coma unha locomotora, cheo de espanto. Entón pareceulle que o ollo dereito do dragón o fitaba cunha benevolencia burlona. Vou que a gran besta sostiña entre as unllas da man dereita unha pluma de canoto en posición de escribir e que no fondo da caverna había un armario cheo de libros. O príncipe soltou a empuñadura da espada.

En canto o dragón comprobou que o visitante traía boas intencións, presentouse: era catalán de nación e chamábase Dent Adamantina; é dicir, Dente de Diamante.

– Moito gusto. Eu son o príncipe Cerúleo, pero pódeme chamar Cero, para abreviar, porque desde hai algún tempo teño a sensación de ser un cero á esquerda. Meus pais obrigáronme a buscar aventuras propias dun príncipe real, entre as cales a máis prestixiosa é precisamente o vencemento e a morte dun dragón. Ai! E toda esa xente esperando aí fóra! Que lles vou dicir cando saia?

– Nada máis fácil. Has de saber que os dragóns botamos sete anos espertos e cen anos durmindo. Por unha afortunada coincidencia, mañá hai sete anos xustamente que espertei, e entón podemos pasar esta noite conversando amigablemente, e despois eu bótome a durmir e ti saes e dis que me mataches. A min non me importa, que outras calumnias peores me levantan. Dentro de cen anos, se alguén se acorda descóbrese a trola, pero para daquela ti xa terás acabado de calvear. E mentres falamos, finximos ruído de *fragorosa* batalla. Agarda un instante, que vou *esborrecar* un pouco.

E o dragón botou un ruxido que estremeceu a montaña e mais os tímpanos do príncipe Cerúleo.

– Oes –dixo o príncipe–, calumnias botaranchas, pero as reses comer comíchesllelas.

– En realidade, gústame máis comer pedras. Son moito máis saudables para a miña constitución, pero canda quen nace co seu *fado*, e eu teño que vivir de acordo coa miña *mitoloxía*.

– Outro tanto me pasa a min. Pouco me praxe andar buscando aventuras de príncipe azul. O meu gusto maior é ler libros curiosos.

– Si, non hai mellor vida ca esa. E ti aínda tes sorte, que che toca facer de bo, pero eu... Todo podía pasar, agora que esa *teima* de deixarme mozas atadas a un carballo para que as coma ou sabe o demo o que...

Con estas e outras conversas avanzaban as horas da noite *zarrapicadas* polos berridos do dragón. Ao amencer, o príncipe emboutou a súa espada con tinta verde, que imitaba o sangue do monstro, despediuse de Dent Adamantina e saíu da cova. Ao velo chegar, os vilegos estouparon en aplausos e urros de alivio e de vitoria.

– O príncipe Cerúleo venceu! Viva o Matador do Dragón!

D. X. Cabana, *As viaxes do príncipe azul*

CUESTIÓNS

1. Explica o significado dos seguintes termos coas túas palabras. Se che cómpre, consulta o dicionario, pero non copies a definición.

- Reses
- Fragorosa
- Mitoloxía
- Xaora
- Esborrecar
- Teima
- Cairo
- Fado
- Zarrapicadas

2. Responde as seguintes cuestións:

- a. Por que acepta o príncipe Cerúleo ir matar ao dragón?
- b. Unha vez na cova do monstro, por que decide envaiñar a espada e non atacar?
- c. Que outra lingua, á parte da galega, se utiliza no texto? Copia o fragmento.
- d. A que parte do texto podería aplicarse o dito «As aparencias enganan»? Pensa en situacións reais en que ese dito se confirme e escríbeas no caderno.